

TROFEO "GALEGUIDADE NO MUNDO-2014"

(Outorgado a Persoa Xurídica)

ACTA DO XURADO

O Xurado Cualificador dos Trofeos GALEGUIDADE NO MUNDO, integrado por Presidentes de Centros Galegos membros da Orde da Vieira, periodistas galegos e o Consello da citada Orde, resolveu outorgar o Trofeo "GALEGUIDADE-2014" á

FUNDACIÓN PENZOL

Por ser a máis prestixiosa fundación cultural privada de Galicia sobre bibliografía e arquivística, con máis de medio século de actividade e que foi distinguida coa Medalla de Ouro de Galicia. Actualmente situada na “Casa Galega da Cultura” do Concello de Vigo.

Polos máis de 44.000 volumes, documentos cartográficos, pergamiños e orixinais de extraordinario valor histórico, recompilados polo seu fundador Fermín Penzol e as progresivas achegas dos fondos de Otero Pedrayo, Editorial Galaxia, Ramón Piñeiro, Fernández del Riego, entre outros moitos.

Por ser un dos centros de investigación e consulta máis acreditados sobre a cultura galega e a presenza de Galicia no mundo, que pilotou Fernández del Riego durante máis de 40 anos e que actualmente dirixe quen foi o seu colaborador máis directo, Francisco Domínguez Martínez. Todo eso dentro do Patronato da Fundación que preside Alfonso Zulueta.

Santiago de Compostela, 6 de Agosto de 2014
Capítulo Xacobeo-Franciscano